

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

5030 *Real decreto 201/2021, do 30 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 1338/2018, do 29 de outubro, polo que se regula o potencial de produción vitícola.*

O Real decreto 1338/2018, do 29 de outubro, polo que se regula o potencial de produción vitícola, establece a normativa básica para regular o sistema de autorizacións de plantacións de viñedo, o potencial produtivo vitícola e a clasificación de variedades de uva de vinificación autorizadas.

Recentemente publicouse o Regulamento (UE) 2020/2220 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de decembro de 2020, polo que se establecen determinadas disposicións transitorias para a axuda do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e do Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga) nos anos 2021 e 2022, e polo que se modifican os regulamentos (UE) n.º 1305/2013, (UE) n.º 1306/2013 e (UE) n.º 1307/2013 no que respecta aos seus recursos e á súa aplicación nos anos 2021 e 2022, e o Regulamento (UE) n.º 1308/2013 no que respecta aos recursos e á distribución desa axuda nos anos 2021 e 2022. Este regulamento, no seu artigo 10, números 5 e 6, modifica os artigos 62 e 68 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 e introduce cambios no sistema de autorizacións de viñedo para paliar os efectos da pandemia da COVID-19.

Así, no artigo 62 do citado Regulamento (UE) n.º 1308/213, prolóngase ata o 31 de decembro de 2021 a vixencia das autorizacións de nova plantación e de replantación que caducan ou poden caducar en 2020 e permítelles aos titulares destas autorizacións renunciar a elas, sen penalizacións, se llo comunican antes do 28 de febreiro de 2021; para este efecto recóllese nesta norma a aplicación retroactiva de tal precepto, ao ser máis favorable para os cidadáns.

Así mesmo, modifícase o artigo 68 do referido regulamento para ampliar o prazo para presentar solicitudes de conversión de dereitos de replantación ata o 31 de decembro de 2022 e establécese un novo prazo de validez para as autorizacións convertidas, como máximo, ata o 31 de decembro de 2025.

Consecuencia do anterior, por unha banda, cómpre adaptar os artigos 11.6, 19.4, 21.1 e 22.3 a esta normativa da Unión Europea, así como establecer o carácter retroactivo da aplicación das modificacións dos artigos 11.6 e 19.4 na disposición derradeira única, dada a situación orixinada pola epidemia da COVID-19, todo iso sen prexuízo da eficacia directa dos regulamentos europeos.

E, por outra banda, dado que, segundo o artigo 68.2 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, a vixencia das autorizacións de conversión é a mesma ca a dos dereitos de replantación dos cales proceden, é necesario modificar o artigo 20.3 para ampliar a vixencia dos dereitos de replantación que caduquen nesta campaña e nas seguintes, ata o 31 de decembro de 2025, segundo a redacción dada a ese artigo polo Regulamento (UE) 2020/2220 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de decembro, no seu artigo 10.6.b), de xeito que os seus titulares se poidan beneficiar da ampliación da vixencia das autorizacións de conversión concedida polo referido regulamento para afrontar as dificultades da epidemia da COVID-19. Doutro modo, dado que o artigo 4.1 do Real decreto 1244/2008, do 18 de xullo, polo que se regula o potencial de produción vitícola, estableceu que os dereitos de replantación se utilizasen antes de finalizar a oitava campaña seguinte a aquela durante a cal foron concedidos, a partir do 1 de xaneiro de 2024 non habería vixente ningún dereito de replantación e non se poderían ampliar as autorizacións de conversión máis alá desa data, pois os últimos dereitos de replantación foron concedidos o 31 de decembro de 2015.

Polo demais, para clarificar a aplicación da primeira frase do artigo 25.2, é conveniente separar nun terceiro parágrafo a última frase do segundo parágrafo do artigo 25.

Modifícase tamén a parte B do anexo XVI co fin de que as comunidades autónomas poidan comunicar os dereitos de replantación vixentes coa caducidade ampliada.

E, finalmente, no que a variedades de uva de vinificación se refire, actualízase a lista de variedades autorizadas do anexo XXI con base nas solicitudes recibidas polas comunidades autónomas.

Este real decreto dítase ao abeiro da habilitación para o desenvolvemento e a execución da Ley 24/2003, do 10 de xullo, da viña e do viño, incluída na disposición derradeira primeira desá norma legal.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

A regulación que se contén nesta norma axústase aos principios recollidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. En concreto, cumpre cos principios de necesidade e eficacia, pois trátase do instrumento máis adecuado para garantir que a normativa se aplica dun xeito homoxéneo en todo o territorio nacional, o que garante o interese xeral. Tamén se adecúa ao principio de proporcionalidade, pois non se recollen obrigas para os destinatarios. En cuanto aos principios de seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, esta norma adecúase a eles, pois é coherente co resto do ordenamento xurídico, e procurouse a participación das partes interesadas, evitando as cargas administrativas innecesarias e simplificándolles o cumprimento das exixencias normativas aos particulares.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de marzo de 2021,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1338/2018, do 29 de outubro, polo que se regula o potencial de produción vitícola.*

O Real decreto 1338/2018, do 29 de outubro, polo que se regula o potencial de produción vitícola, queda modificado como segue:

Un. O número 6 do artigo 11 queda redactado da seguinte forma:

«6. As autorizacións para novas plantacións concedidas terán un período de validez máximo de tres anos contados a partir da data da notificación da resolución da solicitude da autorización. En calquera caso, o período de validez non poderá superar o 31 de decembro de 2030.

Para as autorizacións de novas plantacións concedidas que venzan ou poidan vencer en 2020, o seu prazo de vixencia ampliarase ata o 31 de decembro de 2021.

Aos titulares das autorizacións de novas plantacións concedidas que venzan ou poidan vencer en 2020 non se lles aplicarán as sancións administrativas a que se refire o artigo 26.1 deste real decreto se lle comunican, ata o 28 de febreiro de 2021, á autoridade competente da comunidade autónoma que concedeu tal autorización que non teñen intención de facer uso da autorización e que non desexan beneficiarse da prórroga da súa validez mencionada no segundo parágrafo deste punto».

Dous. O número 5 do artigo 14 queda redactado como segue:

«5. Logo de realizar as comprobacións pertinentes, a autoridade competente emitirá unha autorización de arranque e, unha vez executado o arranque polo viticultor, este deberá comunicarllo á autoridade competente, quen, logo de o

comprobar no campo, emitirá unha resolución de arranque. Excepcionalmente, para 2020 e 2021, cando debido a circunstancias excepcionais derivadas da pandemia COVID-19 non se poidan realizar os controis no campo previos á resolución de arranque, as comunidades autónomas poderán realizar estas comprobacións despois de notificar a devandita resolución e, adicionalmente, solicitarlles aos viticultores que presenten unha declaración responsable en relación coa superficie arrancada con anterioridade á emisión da resolución de arranque.

Malia o anterior, no caso de que o arranque afecte toda a parcela vitícola ou cando se dispoña dun sistema de teledetección que proporcione imaxes dunha resolución igual ou superior a 1 metro cadrado, a comunidade autónoma poderá realizar a verificación do arranque realizado logo da resolución de arranque mediante o control administrativo en gabinete a través desa técnica, sempre e cando non interfira cos controis da axuda á reestruturación e reconversión de viñedos».

Tres. O número 4 do artigo 19 queda redactado como segue:

«4. As autorizacións concedidas terán un período de validez máximo de tres anos contados a partir da data da notificación da resolución da solicitude da autorización. En calquera caso, o período de validez non poderá superar o 31 de decembro de 2030.

Para as autorizacións de replantación concedidas que venzan ou poidan vencer en 2020, o seu prazo de vixencia ampliarase ata o 31 de decembro de 2021.

Aos titulares das autorizacións de replantación concedidas que venzan ou poidan vencer en 2020 non se lles aplicarán as sancións administrativas a que se refire o artigo 26.1 deste real decreto se lle comunican, ata o 28 de febreiro de 2021, á autoridade competente da comunidade autónoma que concedeu tal autorización que non teñen intención de facer uso da autorización e que non desexan beneficiarse da prórroga da súa validez mencionada no segundo parágrafo deste punto».

Catro. O número 3 do artigo 20 queda redactado do seguinte xeito:

«3. Para os dereitos de replantación concedidos antes do 1 de xaneiro de 2016 que venzan na campaña 2020/2021 e seguintes, o seu prazo de vixencia ampliarase ata o 31 de decembro de 2025».

Cinco. O número 1 do artigo 21 queda redactado da seguinte forma:

«1. Os titulares dos dereitos de plantación que queiran solicitar unha conversión poderán presentar a solicitude entre o 15 de setembro de 2015 e o 31 de decembro de 2022, ambos incluídos, ante a autoridade competente da comunidade autónoma onde estea localizada a superficie que se vai plantar ou en calquera dos rexistros e medios previstos no artigo 16 da Ley 39/2015, do 1 de outubro».

Seis. O número 3 do artigo 22 queda redactado do seguinte xeito:

«3. As autorizacións concedidas por conversión de dereitos de plantación terán o mesmo período de validez ca o dereito de plantación de procedencia. En calquera caso, o período de vixencia non poderá superar o 31 de decembro de 2025.

Para as autorizacións por conversión de dereitos de replantación concedidas con prazo de vencemento na campaña 2019/2020, o seu prazo de vixencia ampliarase nunha campaña máis.

Aos titulares das autorizacións por conversión concedidas con prazo de vencemento na campaña 2019/2020 non se lles aplicarán as sancións administrativas a que se refire o artigo 26.1 deste real decreto se lle comunican, antes do 31 de decembro de 2020, á autoridade competente da comunidade autónoma que concedeu tal autorización que non teñen intención de facer uso da

autorización e que non desexan beneficiarse da prórroga da súa validez mencionada no segundo parágrafo deste punto».

Sete. O artigo 25 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 25. *Penalizacións e recuperación de custos.*

Aos produtores que non cumpran coa obriga establecida no artigo 71, número 1, do Regulamento (UE) n.º 1308/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, imporáselles unha penalización co importe mínimo establecido no artigo 46 do Regulamento delegado (UE) n.º 2018/273 da Comisión, do 11 de decembro 2017. Nos casos en que se considere que os ingresos anuais obtidos na superficie en que se sitúan os viñedos en cuestión superan os 6.000 euros por hectárea, a autoridade competente aumentará os importes mínimos proporcionalmente á renda media anual por hectárea estimada para esa superficie.

En caso de que a autoridade competente teña que garantir o arranque das plantacións non autorizadas polos seus propios medios, o custo a cargo do produtor, de conformidade co artigo 71.2 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, calcularase de acordo co artigo 46 do Regulamento delegado (UE) n.º 2018/273 da Comisión, do 11 de decembro 2017, e este custo engadirase á penalización aplicable.

As comunidades autónomas poderán considerar como plantacións non autorizadas as plantacións de viñedo realizadas incumprindo algunha das condicións esenciais da autorización concedida».

Oito. No cadro B do anexo XVI substitúese a táboa de cadro pola seguinte:

«Comunidade autónoma:	
Data de comunicación:	
Campaña vitícola:	
Superficie (ha)	
Dereitos de plantación inscritos no Rexistro Vitícola sen converter no 31 de xullo:	
Total (ha)	Desagregación por data de caducidade ata o 31 de decembro de 2025 (ha)»

Novo. O anexo XXI queda redactado da seguinte maneira:

«ANEXO XXI

Clasificación das variedades de vide

1. *Comunidade Autónoma de Andalucía*

Provincias: Almería, Cádiz, Córdoba, Granada, Huelva, Jaén, Málaga, Sevilla

Variedades autorizadas:

Airén, B.
 Albariño, B.
 Albillo Real, B.
 Bobal, T.
 Blauer Limberger, Blaufränkisch, Lemberger T.
 Cabernet Franc, T.
 Cabernet Sauvignon, T.
 Colombard, B.
 Chardonnay, B.

Doradilla, B.
Garnacha Branca, B.
Garnacha Tinta, T.
Garnacha Tintorera T.
Garrido Fino, B.
Gewürztraminer, B.
Graciano, T.
Jaén Tinto, T.
Lairen, B.
Listán do Condado, B.
Macabeo, Viura, B.
Malbec, T.
Malvasía Aromática, B.
Marselán, T.
Mencia, T.
Merlot, T.
Molinera, T.
Mollar Cano, T.
Monastrell, T.
Montúa, Chelva, B.
Moscatel de Alexandría, Moscatel de Málaga, B.
Moscatel de Gran Miúdo, Moscatel Morisco, B.
Moscatel Negro, T.
Palomino Fino, Listán Branco, B.
Palomino, B.
Pardina, Baladí, Baladí Verdejo, Calagraño, Jaén Branco, B.
Pedro Ximénez, B.
Perruno, B.
Petit Verdot, T.
Pinot Noir, T.
Prieto Picudo, T.
Riesling, B.
Rome, B.
Sauvignon Blanc, B.
Syrah, T.
Tempranillo, T.
Tintilla de Rota, T.
Tinto Velasco, Frasco, Blasco, T.
Torrontés, B.
Verdejo, B.
Vermentino, B.
Vijariego Branco, Bigiriego, B.
Viognier, B.
Zalema, B.

2. *Comunidade Autónoma de Aragón*

Provincias: Huesca, Teruel, Zaragoza

Variedades autorizadas:

Agudelo, Chenin Blanc, B.
Alarije, Malvasía Rioxana, Rojal, B.
Alcañón, B.
Bobal, T.
Cabernet Franc, T.

Cabernet Sauvignon, T.
Caladoc, T.
Chardonnay, B.
Derechero, T.
Garnacha Branca, B.
Garnacha Peluda, T.
Garnacha Vermella, Garnacha Gris, T.
Garnacha Tinta, T.
Garnacha Tintorera, T.
Gewürztraminer, B.
Graciano, T.
Macabeo, Viura, B.
Marselan, T.
Mazuela, Cariñena, T.
Merlot, T.
Merseguera, B.
Miguel del Arco, T.
Monastrell, T.
Moristel, Juan Ibáñez, Concejón, T.
Moscatel de Alexandría, B.
Moscatel de Gran Miúdo, B.
Pardina, Robal, B.
Parellada, B.
Parraleta, T.
Pinot Noir, T.
Riesling, B.
Sauvignon Blanc, B.
Syrah, T.
Tempranillo, Cencibel, T.
Tempranillo branco, B.
Verdejo, B.
Vidadillo, T.
Viognier, B.
Xarello, B.

3. *Comunidade Autónoma do Principado de Asturias*

Variedades autorizadas:

Albarín Branco, B.
Albariño, B.
Albillo Maior, B.
Bruñal, Albarín Tinto, T.
Carrasquín, T.
Chardonnay, B.
Garnacha Tinta, T.
Garnacha Tintorera, T.
Gewürztraminer, B.
Godello, B.
Graciano, T.
Mencia, T.
Merlot, T.
Moscatel de Gran Miúdo, B.
Palomino, B.
Picapoll Branco, Extra, B.
Pinot Noir, T.

Riesling, B.
Sauvignon Blanc, B.
Syrah, T.
Treixadura, B.
Verdejo Negro, T.

4. *Comunidade Autónoma das Illes Balears*

Variedades autorizadas:

Cabernet Sauvignon, T.
Callet, T.
Callet Negrella, T.
Chardonnay, B.
Escursac, T.
Esperó de Gall, T.
Fogoneu, T.
Garnacha Branca, B.
Garnacha Tinta, T.
Giró Ros, B.
Gorgollassa, T.
Macabeo, Viura, B.
Malvasía Aromática, Malvasía de Banyalbufar, B.
Mancès de Tibús, T.
Manto Negro, T.
Merlot, T.
Moll, Pensal Branca, Prensai, B.
Monastrell, T.
Moscatel de Alexandría, B.
Moscatel de Gran Miúdo, B.
Parellada, B.
Petit Verdot, T.
Pinot Noir, T.
Riesling, B.
Sauvignon Blanc, B.
Syrah, T.
Tempranillo, T.
Viognier, B.

5. *Comunidade Autónoma de Canarias*

Provincias: Las Palmas, Santa Cruz de Tenerife

Variedades autorizadas:

Albillo Criollo, B.
Bastardo Branco, Baboso Branco, B.
Bastardo Negro, Baboso Negro, T.
Bermejuela, Marmajuelo, B.
Breval, B.
Burrablanca, B.
Cabernet Sauvignon, T.
Castellana Negra, T.
Doradilla, B.
Forastera Branca, B.
Gual, B.

Listán Branco de Canarias, B.
Listán Negro, Almuñeco, T.
Listán Prieto, T.
Malvasía Aromática, B.
Malvasía Rosada, T.
Malvasía Volcánica, B.
Merlot, T.
Moscatel de Alexandría, B.
Moscatel Negro, T.
Negramoll, T.
Pedro Ximénez, B.
Pinot Noir, T.
Ruby Cabernet, T.
Sabro, B.
Syrah, T.
Tempranillo, T.
Tintilla, T.
Torrontés, B.
Verdello, B.
Vijariego Branco, Diego, B.
Vijariego Negro, T.

6. *Comunidade Autónoma de Cantabria*

Variedades autorizadas:

Albarín Branco, B.
Albariño, B.
Cabernet Sauvignon, T.
Carrasquín, T.
Chardonnay, B.
Garnacha Tinta, T.
Gewürztraminer, B.
Godello, B.
Graciano, T.
Hondarrabi Beltza, Ondarrabi Beltza, T.
Hondarrabi Zuri, Ondarrabi Zuri, B.
Mencía, T.
Merlot, T.
Palomino, B.
Riesling, B.
Syrah, T.
Tempranillo, Tinta de Toro, T.
Treixadura, B.

7. *Comunidade Autónoma de Castilla-La Mancha*

Provincias: Albacete, Ciudad Real, Cuenca, Guadalajara, Toledo

Variedades autorizadas:

Airén, B.
Alarije, B.
Albarín Branco, B.
Albariño, B.
Albillo Dorado, B.

Albillo Real, B.
Bobal, T.
Cabernet Franc, T.
Cabernet Sauvignon, T.
Colombard, B.
Coloraillo, T.
Chardonnay, B.
Forcallat Tinta, T.
Garnacha Branca, B.
Garnacha Peluda, T.
Garnacha Tinta, T.
Garnacha Tintorera, T.
Gewürztraminer, B.
Graciano, T.
Macabeo, Viura, B.
Malbec, T.
Malvar, B.
Malvasía Aromática, B.
Marselan T.
Mazuela, Cariñena, T.
Mencia, T.
Merlot, T.
Merseguera, B.
Monastrell, T.
Montúa, Chelva, B.
Moravia Agre, T.
Moravia Doce, Crudijera, T.
Moribel, T.
Moscatel de Alexandría, B.
Moscatel de Gran Miúdo, B.
Palomino, B.
Pardillo, Marisancho, B.
Pardina, Jaén Branco, B.
Parellada, B.
Pedro Ximénez, B.
Petit Verdot, T.
Pinot Noir, T.
Planta Nova, Tardana, B.
Prieto Picudo, T.
Riesling, B.
Rojal Tinta, T.
Sauvignon Blanc, B.
Syrah, T.
Tempranillo, Cencibel, T.
Tinto da Pámpana Branca, T.
Tinto Fragoso, T.
Tinto Velasco, Frasco, T.
Torrontés, B.
Touriga Nacional, T.
Verdejo, B.
Verdoncho, B.
Viognier, B.

8. *Comunidade de Castilla y León*

Provincias: Ávila, Burgos, León, Palencia, Salamanca, Segovia, Soria, Valladolid, Zamora

Variedades autorizadas:

Alarije, Rojal, B.
Albarín Branco, B.
Albariño, B.
Albillo Maior, B.
Albillo Real, B.
Bruñal, Albarín Tinto, T.
Cabernet Sauvignon, T.
Chardonnay, B.
Doña Blanca, Malvasía Castellana, B.
Estaladiña, T.
Gajo Arroba, T.
Garnacha Branca, B.
Garnacha Vermella, Garnacha Gris, T.
Garnacha Tinta, T.
Garnacha Tintorera, T.
Garro, Mandón, T.
Gewürztraminer, B.
Godello, B.
Graciano, T.
Hondarrabi Beltza, T.
Hondarrabi Zuri, B.
Juan García, Mouratón, T.
Macabeo, Viura, B.
Malbec, T.
Maturana Branca, B.
Maturana Tinta, T.
Mencia, T.
Merenzao, Bastardillo Chico, Negro Saurí T.
Merlot, T.
Montúa, Chelva, B.
Moscatel de Alexandría, B.
Moscatel de Gran Miúdo, B.
Palomino, B.
Petit Verdot, T.
Pinot Noir, T.
Prieto Picudo, T.
Rabigato, Puesta en Cruz, B.
Riesling, B.
Rufete, T.
Rufete Serrano Branco, B.
Sauvignon Blanc, B.
Syrah, T.
Tempranillo Branco, B.
Tempranillo, Tinto Fino, Tinta do País, Tinta de Toro, T.
Tinto Jeromo, T.
Touriga Nacional, T.
Treixadura, B.
Verdejo, B.
Viognier, B.

9. *Comunidade Autónoma de Cataluña*

Provincias: Barcelona, Girona, Lleida, Tarragona

Variedades autorizadas:

Agudelo, Chenin Blanc, B.
Airén, B.
Alarije, Subirat Parent, B.
Albariño, B.
Alcañon, B.
Bobal, T.
Bronsa, T.
Cabernet Franc, T.
Cabernet Sauvignon, T.
Carignan Blanc, B.
Chardonnay, B.
Coromina, B.
Forcada, B.
Garnacha Branca, Lladoner Branco, B.
Garnacha Peluda, T.
Garnacha Vermella, Garnacha Gris, T.
Garnacha Tinta, Lladoner, T.
Garnacha Tintorera, T.
Garro, Mando, T.
Gewürztraminer, B.
Giró Ros, B.
Godello, B.
Gonfaus, T.
Graciano, T.
Macabeo, Viura, B.
Malbec, T.
Malvasía Aromática, Malvasía de Sitges, B.
Marselán, T.
Mazuela, Cariñena, Samsó, T.
Merlot, T.
Merseguera, Sumoll Branco, B.
Monastrell, Mataró, Mourvedre T.
Moneu, T.
Morenillo, T.
Moscatel de Alexandría, Moscatel de Málaga B.
Moscatel de Gran Miúdo, B.
Parellada, Montonec, Montonega, B.
Pedro Ximénez, B.
Petit Verdot, T.
Picapoll Branco, B.
Picapoll Negro, T.
Pinot Noir, T.
Pirene, T.
Querol, T.
Riesling, B.
Sauvignon Blanc, B.
Selma Branca, B.
Solana, T.
Sumoll Tinto, T.
Syrah, T.

Tempranillo, Ull de Llebre, T.
Trepát, T.
Verdejo, B.
Vermentino, B.
Vidadillo, T.
Vinyater, B.
Viognier, B.
Xarello, Cartoixa, Pansal, Pansa Branca, B.
Xarello Rosado, T.

10. *Comunidade Autónoma de Extremadura*

Provincias: Badajoz, Cáceres

Variedades autorizadas:

Alarije, Subirat Parent, B.
Albillo Maior, B.
Albillo Real, B.
Antáo Vaz, B.
Arinto, B.
Bastardo Branco, B.
Beba, Eva, B.
Bobal, T.
Borba, B.
Bruñal, Albarín Tinto, Baboso Tinto, T.
Cabernet Sauvignon, T.
Casteláo, T.
Cayetana Branca, B.
Chardonnay, B.
Colombard, B.
Doña Blanca, Cigüente, B.
Fernáo Pires, B.
Garnacha Tinta, T.
Garnacha Tintorera, T.
Gewürztraminer, B.
Graciano, T.
Gran Negro, T.
Jaén Tinto, T.
Macabeo, Viura, B.
Malbec, T.
Malvar, B.
Mazuela, T.
Merlot, T.
Monastrell, T.
Montúa, Chelva, B.
Morisca, T.
Moscatel de Alexandría, B.
Moscatel de Gran Miúdo, B.
Pardina, Jaén Branco, B.
Parellada, B.
Pedro Ximénez, B.
Perruno, B.
Petit Verdot, T.
Pinot Noir, T.
Riesling, B.
Sauvignon Blanc, B.

Syrah, T.
Tempranillo, Cencibel, Tinto Fino, T.
Tinto de la Pámpana Blanca, T.
Torrontés, B.
Touriga Nacional, T.
Trincadeira, T.
Verdejo, B.
Viognier, B.
Xarello, B.

11. *Comunidade Autónoma de Galicia*

Provincias: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra

Variedades autorizadas:

Agudelo, Chenin Blanc, B.
Albarín Branco, Branco Lexítimo, B.
Albariño, B.
Albillo Real, B.
Branca de Monterrei, B.
Brancellao, T.
Bruñal, Albarín Tinto, T.
Caíño Branco, B.
Caíño Bravo, T.
Caíño Longo, T.
Caíño Tinto, T.
Castañal, T.
Doña Blanca, Dona Branca, B.
Espadeiro, Torneiro, T.
Ferrón, T.
Garnacha Tintorera, T.
Godello, B.
Gran Negro, T.
Juan García, Mouratón, T.
Lado, B.
Loureira, Loureiro Branco, Marqués, B.
Loureiro Tinto, T.
Macabeo, Viura, B.
Mencia, T.
Merenzao, María Ordoña, T.
Palomino, B.
Pedral, Dozal, T.
Sousón, T.
Tempranillo, T.
Torrontés, B.
Treixadura, B.

12. *Comunidade de Madrid*

Variedades autorizadas:

Airén, B.
Albillo Real, B.
Cabernet Sauvignon, T.
Garnacha Tinta, T.
Garnacha Tintorera, Negral, T.
Graciano, T.

Macabeo, Viura, B.
Malvar, B.
Merlot, T.
Monastrell, T.
Moscatel de Gran Miúdo, B.
Pardina, Jaén Branco, B.
Parellada, B.
Petit Verdot, T.
Sauvignon Blanc, B.
Syrah, T.
Tempranillo, Cencibel, Tinto Fino, T.
Torrontés, B.

13. *Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia*

Variedades autorizadas:

Airén, B.
Bonicaire, T.
Cabernet Franc, T.
Cabernet Sauvignon, T.
Chardonnay, B.
Forcallat Branca, B.
Forcallat Tinta, T.
Garnacha Tinta, T.
Garnacha Tintorera, T.
Gewürztraminer, B.
Graciano, T.
Macabeo, Viura, B.
Malvasía Aromática, Malvasía de Sitges, B.
Mencía, T.
Merlot, T.
Merseguera, B.
Monastrell, T.
Moravia Doce, Crudijera, T.
Moscatel de Alexandría, B.
Moscatel de Gran Miúdo, B.
Pedro Ximénez, B.
Petit Verdot, T.
Pinot Noir, T.
Riesling, B.
Rojal Tinta, T.
Sauvignon Blanc, B.
Syrah, T.
Tempranillo, Cencibel, T.
Verdejo, B.
Verdil, B.
Viognier, B.

14. *Comunidade Foral de Navarra*

Variedades autorizadas:

Alarije, Malvasía Riojana, B.
Albariño, B.
Albillo Mayor, Turruntés, B.

Bobal, T.
Cabernet Franc, T.
Cabernet Sauvignon, T.
Chardonnay, B.
Garnacha Branca, B.
Garnacha Vermella, Garnacha Gris, T.
Garnacha Tinta, T.
Gewürztraminer, B.
Graciano, T.
Gros Manseng, B.
Hondarrabi Zuri, B.
Macabeo, Viura, B.
Malbec, T.
Maturana Branca, B.
Maturana Tinta, T.
Mazuela, Mazuelo, T.
Merlot, T.
Monastrell, T.
Moscatel de Gran Miúdo, B.
Parellada, B.
Petit Courbu, B.
Petit Manseng, B.
Petit Verdot, T.
Pinot Noir, T.
Riesling, B.
Sauvignon Blanc, B.
Syrah, T.
Tempranillo Branco, B.
Tempranillo, T.
Verdejo, B.
Viognier, B.
Xarello, B.

15. *Comunidade Autónoma do País Vasco*

Provincias: Araba, Gipuzkoa, Bizkaia

Variedades autorizadas:

Alarije, Malvasía Riojana, B.
Albillo Maior, Turruntés, B.
Cabernet Sauvignon, T.
Chardonnay, B.
Folle Blanche, B.
Garnacha Branca, B.
Garnacha Tinta, T.
Graciano, T.
Gros Manseng, B.
Hondarrabi Beltza, Ondarrabi Beltza, T.
Hondarrabi Zuri, Ondarrabi Zuri, B.
Macabeo, Viura, B.
Maturana Branca, B.
Maturana Tinta, T.
Mazuela, Mazuelo, T.
Monastrell, T.
Moscatel de Alexandría, B.

Moscatel de Gran Miúdo, B.
Parellada, B.
Petit Courbu, B.
Petit Manseng, B.
Pinot Noir, T.
Riesling, B.
Sauvignon Blanc, B.
Tempranillo Branco, B.
Tempranillo, T.
Verdejo, B.
Xarello, B.

16. *Comunidade Autónoma da Rioja*

Variedades autorizadas:

Alarije, Malvasía Rioxana, B.
Albariño, B.
Albillo Maior, Turruntés, B.
Chardonnay, B.
Garnacha Branca, B.
Garnacha Tinta, T.
Gewürztraminer, B.
Graciano, T.
Hondarrabi Zuri, B.
Macabeo, Viura, B.
Maturana Branca, B.
Maturana Tinta, T.
Mazuela, Mazuelo, T.
Monastrell, T.
Moscatel de Alexandría, B.
Moscatel de Gran Miúdo, B.
Parellada, B.
Pinot Noir, T.
Riesling, B.
Sauvignon Blanc, B.
Tempranillo Branco, B.
Tempranillo, T.
Verdejo, B.
Viognier, B.
Xarello, B.

17. *Comunidade Valenciana*

Provincias: Alacant, Castelló, Valencia

Variedades autorizadas:

Airén, B.
Alarije, Malvasía Rioxana, Subirat Parent, B.
Albariño, B.
Bobal, T.
Bonicaire, Embolicaire, T.
Cabernet Franc, T.
Cabernet Sauvignon, T.
Chardonnay, B.

Forcallat Branca, B.
 Forcallat Tinta, T.
 Garnacha Branca, B.
 Garnacha Tinta, Gironet, T.
 Garnacha Tintorera, T.
 Garro, Mando, T.
 Gewürztraminer, B.
 Godello, B.
 Graciano, T.
 Macabeo, Viura, B.
 Malbec, T.
 Marselan, T.
 Mazuela, T.
 Mencía, T.
 Merlot, T.
 Merseguera, Exquitsagos, Verdosilla, B.
 Miguel del Arco, T.
 Monastrell, T.
 Moravia Doce, Crudijera, T.
 Moravia Agre T.
 Morenillo, T.
 Moscatel de Alexandría, B.
 Moscatel de Gran Miúdo, B.
 Parellada, B.
 Pedro Ximénez, B.
 Petit Verdot, T.
 Pinot Noir, T.
 Planta Fina de Pedralba, B.
 Planta Nova, Tardana, B.
 Prieto Picudo, T.
 Riesling, B.
 Sauvignon Blanc, B.
 Semillon, B.
 Syrah, T.
 Tempranillo, Cencibel, Tinto Fino, T.
 Tinto da Pámpana Branca, T.
 Tortosí, B.
 Trepat, T.
 Valencí Branco, B.
 Valencí Tinto, T.
 Verdejo, B.
 Verdil, B.
 Vidadillo, T.
 Viognier, B.
 Xarello, B.

Variedades de portaenxertos

Todas as comunidades autónomas

Variedades recomendadas	Sinónimos
1 Blanchard.	BC1
196 17Castel.	196-17 CL
6736 Castel.	6736 CL

Variedades recomendadas	Sinónimos
161-49 Couderc.....	161-49 C
1616 Couderc.	1616 C
3309 Couderc.	3309 C
333 Escola de Montpellier.....	333 EM
13 5 EVE Jerez.....	13 5 EVEX
Fercal.....	–
5 A Martínez Zaporta.....	5 AMZ
41 B Millardet-Grasset.....	41 B
420 Millardet-Grasset.	420 A
19 62 Millardet-Grasset.....	19 62 M
101 14 Millardet-Grasset.....	101 14M
1103 Paulsen.....	1103 P
31 Richter.	31 R
99 Richter.	99 R
110 Richter.....	110 R
140 Ruggeri.....	140 Ru
5 BB Teleki-Kober.	5 BB, KOBER 5BB
Selección Oppenheim de Telek n.º 4.....	SO4
Rupestris du Lot.	R de Lot»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor e aplicación.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Non obstante, as modificacións introducidas polos puntos un e tres do artigo único deste real decreto nos artigos 11.6 e 19.4 do Real decreto 1338/2018, do 29 de outubro, polo que se regula o potencial produtivo vitícola, serán de aplicación desde o 1 de xaneiro de 2020.

Dado en Madrid o 30 de marzo de 2021.

FELIPE R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,
LUIS PLANAS PUCHADES